

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 23/06/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 23/06/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 16-jun-2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/2376

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para colocar música e un altavoz, poñer unha pulpeira ou asar churrasco na terraza do bar "As Tapas de Laura Alegría" sito en Arzobispo Gelmirez nº36, os días 23, 24, 28 e 29 de xuño de 2025, en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:00 a 01:30 horas, con motivo das festividades de San Xoán e San Pedro.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- O horario será de 12:30 a 14:30 e de 20:00 a 00:00.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/2412

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a Publicación do número 13 da Revista poética Anaco, con cargo á partida 926.2260201, coa seguinte desagregación e adxudicatarios:

- Carlos Crespo Gómez (Dito & Feito): Deseño e maquetación, por importe de 290,40€ (IVE incluído).

- Artes Gráficas Anduriña: Impresión 500 exemplares, por importe de 1.237,60€ (IVE incluído). Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2413

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Gráficas Anduriña SCG (CIF F36019289), para a impresión de polípticos para a Programación Cultural mensual, durante o ano 2025 (xuño, xullo, outubro, novembro e decembro), a razón de 1.500 exemplares por mes, por un importe total de 2.178,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 928.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2414

Dáse conta de proposta da Área de Comunicación, na que indica que no verán de 2016 o Concello puxo en marcha o programa Vaibús! integrado no Plan de Mobilidade VIA!. Con tal motivo distribuíronse tarxetas intelixentes (bonobús) que permiten o pago dos traxectos en bus coas rebaixas e vantaxes acordadas no programa.

Na actualidade é necesario contar con novas tarxetas, polo que a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa AKROCARD 2000 SL (CIF B61277521), para a impresión das novas tarxetas (1.000 unidades), por un importe total de 1.959,39 € (IVE incluído), con cargo á partida 134.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2444

Dáse conta do escrito presentado por Dona Yineiri Coromoto Franco Cabrera, solicitando autorización para instalar unha barbacoa na terraza do Bar Carril, dende o 19 ata o 25 de xuño de 2025.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/2464

Dáse conta do escrito presentado por Bloque Nacionalista Galego, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 21 de xuño de 2025, en horario de 10:00 a 14:00 horas, co fin de realizar recollida de firmas en apoio á ANPA CASANOVA do CEIP de Rubiáns, de apoio á campaña para conseguir un horario lectivo e un transporte escolar xustos no citado Centro escolar.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2501

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias en relación coa necesidade de adquisición de micro altavoces para os equipos de comunicación por radio (walkie-talky) para substitución dos existentes.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa GALICOM COMUNICACIONES SL (CIF B15978356), por un importe total de 7.027,78 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213, para o subministro de 12 micro altavoces SAVOX C-C550/M11 para Motorola DP3441/3661 con entrada de conector Nexus 4 polos.

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2454

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias en relación coa necesidade de reposición dos traxes para intervención en incendios forestais e rescates técnicos, debido ao deterioro dos existentes.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa GRUPO DISNAINGA SL (CIF B70101035), por un importe total de 8.802,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22199, para o subministro de 15 unidades de traxes para intervención en incendios forestais e rescates técnicos.

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

RECURSOS HUMANOS

PRP2025/2383

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, no que se indica:

Dada a proximidade do inicio da tempada de baño nas praias, e logo de ter constancia da resolución da convocatoria da orde de subvencións da Xunta de Galicia para a contratación de socorristas, solicita o inicio do procedemento para a contratación de 12 socorristas para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias.

Dáse conta do informe do Negociado de Recursos Humanos.

A convocatoria para dito proceso se levará a cabo a través dunha oferta de emprego público ao Servizo Público de Emprego de Galicia e anuncio en prensa para maior publicidade.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a citada convocatoria para a contratación de 12 socorristas para dar cobertura ó servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Preguntoiro, Concha-Compostela e Campanario, para a tempada de verán durante 3 meses, do 1 de xullo ata o 30 de setembro de 2025, a través dunha oferta de emprego público ao SEPE, estimándose o custo total da contratación en 76.090,68 €.

- Subvención concedida: 11.397,00 €
- Aportación municipal: 64.693,68 €

PRP2025/2404

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia a sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de maio de 2025, por un importe total de 10.300,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIÓNS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	
D. CARLOS COIRA LOJO	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1200,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1150,00 €
Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1050,00 €
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1200,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	2	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	300,00 €
Dª Mª ELENA SUAREZ SARMIENTO	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	600,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	600,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	550,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	2	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	350,00 €
Dª MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	550,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	550,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	550,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	2	x 150,00 €	---	x 125,00 €	2	x 50,00 €	400,00 €
Dª ROSA Mª ABUIN RODRIGUEZ	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	650,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	600,00 €
TOTAL							10300,00 €

PRP2025/2405

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 31 de maio de 2025, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes maio
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
TOTAL				7.700,00 €

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/2530

Vista a proposta dos Servizos Sociais a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases para o servizo Conciliatardes do curso 2025/2026:

- Prazo de solicitudes: do 24 de xuño ao 14 de xullo de 2025
- Publicación da listaxe provisional de admitidos/as: 22 de xullo de 2025
- Prazo de presentación de subsanación de documentación e reclamacións: 31 de xullo de 2025
- Publicación de listaxe definitiva de admitidos/as o día 11 de agosto de 2025.

EMPREGO

PRP2025/2446

A Orde de 19 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o impulso dunha Rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos para o ano 2025, inclúe dentro das categorías de gastos subvencionables

- Adquisición de equipamento persoal para os vendedores coa imaxe común e corporativa do mercado.

O abeiro de dita subvención, e dentro da liña indicada, o Concello de Vilagarcía adquirirá diversos tipos de elementos de equipamento para os vendedores e vendedoras da praza de abastos.

Solicitado orzamento á empresa SERILUA, a mesma remitiu orzamento por contía de 6.000,39 €.

A contía do servizo a contratar non supera os límites establecidos, polo que o orzamento presentado coa solicitude considérase suficiente, entendendo que non é preciso solicitar máis orzamentos

Tal como establece o artigo 1 da Orde reguladora, no caso dos Concellos, consideraranse subvencionables as actuacións previstas nos artigos 4, 5 e 6 das bases reguladoras, sempre que sexan realizadas e efectivamente pagadas nos seguintes períodos subvencionables:

Anualidade 2025: desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 14 de novembro de 2025.

Anualidade 2026: desde o 15 de novembro de 2025 ata o 15 de setembro de 2026.

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

- a) A aprobación do gasto correspondente ao subministro de equipamento persoal para os vendedores coa imaxe común e corporativa do mercado
- .b) A adxudicación do contrato á empresa SERILUA MERCHANDISING S.L. CIF, B70519988 por contía de 6.000,39 €, cunha aportación municipal de 1.200,39 €, con cargo á partida orzamentaria 4311-22610

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/2415

En relación á Orde do 16 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, a Biblioteca

Municipal solicitou ditas axudas, como posible beneficiaria das mesmas.

Segundo a Resolución, do 1 de abril de 2025, da Dirección Xeral de Cultura, foille concedido ó Concello de Vilagarcía de Arousa a seguinte cantidade:

- PROGRAMA A. Axudas para dotación de novidades editoriais en galego en formato físico.

Cantidade concedida: 2.325,58 euros.

A tramitación da selección, compra e envío dos libros farase a través dunha plataforma posta a disposición pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o gasto pola cantidade estimada de 2.325,58 euros, destinada á adquisición de novidades editoriais en galego para a Biblioteca Municipal, segundo o Programa A da Orde de 16 de decembro, con cargo á partida 3321.22001.

SANIDADE

PRP2025/2448

Con data 3 de xuño de 2025, a Xunta de Goberno Local acordou a adquisición de 4 inmobles para a ubicación do Centro de Servizos Sociais Municipais, locais sitos nas rúas Eduardo Pondal 11 e Pablo Iglesias 20 e 22, cun prezo de adquisición de 233.000€ con cargo á partida 231.62200.

Unha vez comunicado ao Administrador de Fincas correspondente o cambio de titularidade dos inmobles, remítese a este servizo acta da xunta xeral ordinaria de data 15 de xullo de 2024 onde se acorda unha derrama extraordinaria a pagar en 5 cuotas mensuais, de agosto a decembro de 2024. A cuota que lle corresponde os inmobles adquiridos polo Concello é de 1.946,05€ (5 cuotas de 389.21€). O coeficiente de participación destes 4 inmobles é do 12% respecto do total do edificio, polo que a débeda pendente está calculada sobre este 12%.

A este importe habería que sumarlle a parte proporcional da cuota do seguro para o ano 2025, que ascende á cantidade de 492.57€. Igualmente calculado sobre o coeficiente de participación do 12%.

A cuota mensual correspondente á Comunidade de Propietarios para o ano 2025, según correo electrónico recibido neste servizo polo administrador de fincas (CD fincas), establecerase na vindeira xunta de propietarios. Unha vez celebrada a xunta de propietarios, remitirase a este servizo acta da mesma onde quedará reflexada a cuota que lle correspondería a cada local.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto a favor da CP Eduardo Pondal 11 e Pablo Iglesias 20 e 22, por un importe total de 2.438,62 €, coa seguinte desagregación:

- 1.946,05 €, con cargo á partida 231.212, correspondente a derrama extraordinaria 5 cotas dos locais para o Centro de Servizos Sociais do Concello.

- 492,57 €, con cargo á partida 231.224, correspondente ao seguro dos 4 locais adquiridos para o Centro de Servizos Sociais do Concello.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/2375

Dáse conta do informe do Encargado do Servizo de Medio Ambiente, no que se indica:

O pasado venres día 6 de xuño de 2025 realizou inspección ocular da zona infantil do parque da Xunqueira.

Que hai escasos meses se realizou unha actuación nesa zona infantil por parte da empresa que executou obras de mellora do sistema de saneamento nesa zona. As actuacións da zona infantil

consistiron na substitución do chan do parque colocándose un solo amortecedor a base de caucho, na substitución de dous elementos de xogos e colocación dun valado perimetral.

Na inspección ocular citada detectouse que o caucho instalado se está desfazendo o que provoca que se levante en pequenas partículas co risco de inxestión por parte das crianzas que poidan utilizar tal e como aparece nas fotograficas anexas ao mesmo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir a Augas de Galicia e á Empresa Petrolam Infraestruturas SL, que está realizando as obras do tanque de tormentas e mellora do sistema de saneamento, para que procedan á subsanación das deficiencias indicadas.

PRP2025/2389

O día 06.06.2025 a empresa Espina&Delfin SL presenta escrito neste Concello polo que se comunica o seguinte “no día 06/06/2025 detectouse a entrada dun vertido de gasolina/gasóil non autorizado cun forte olor no pretratamento da EDAR de Vilagarcía de Arousa, descoñecéndose a súa procedencia. Este tipo de vertidos pode dar lugar a desequilibrios na planta, podendo chegar a provocar uns malos resultados analíticos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o citado escrito de Espina y Delfín, S.L. a Augas de Galicia aos efectos oportunos.

PRP2025/2492

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa DISTRILEMA QUIMICOS SL, para o subministro de 10 caixas de vasos reutilizables (2.350 unidades), para o seu reparto durante a celebración do Alen Metal Fest, por un importe total de 1.537,91 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2540

O día 16.06.2025 o Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático remite un requirimento de limpeza (RQL-2025-034) en relación cun vertido incontrolado de RCDs, entullos mesturados con plaquetas de beirarrúas, bordos, plásticos, procedentes, segundo o requirimento citado, de obras municipais.

Co mencionado requirimento achégase acta-denuncia núm. 2025-101181-00000017 da Garda civil -Patrulla do Seprona- no que se recolle a existencia na marxe da estrada dun vertido de residuos de construción e demolición no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, concretamente no punto da estrada PO-548 ao seu paso pola localidade de Carril, nas coordenadas UTM 29T 518658 4718725. Segundo a acta, o vertido estaba composto por entullos diversos, restos de plaquetas de beirarrúas, bordos, plásticos,...atribuíbles a obras municipais consistentes na execución dun paso de peóns con sinalización vertical e sinala tamén a acta a continuidade no tempo do vertido o que derivou nun efecto chamada doutros vertidos de entullos de obras menores por parte de particulares.

O día 20.06.2025 o xefe municipal do Servizo de Vías Públicas emite informe no que se recolle que, despois de analizar a documentación remitida polo Departamento Territorial da Consellería “descarta a responsabilidade directa do concello de Vilagarcía de Arousa na orixe do vertido obxecto do requirimento. Todo indica que os residuos se xeraron no marco dunha actuación promovida pola Xunta de Galicia, concretamente no ámbito do proxecto de mellora da mobilidade peonil entre as estradas PO-548 e PO-192, que conecta as parroquias de Bamio e Carril.”

Vista a proposta da Concellaría de Medio Ambiente a Xunta de Goberno Local acorda comunicar

ao Departamento Territorial que a execución das obras que deron lugar ao vertido se encadran dentro dunha actuación promovida pola Xunta de Galicia, polo que se considera que a responsabilidade de xestionar os residuos sería da Administración Autonómica, e o Concello solicita que se proceda á limpeza da zona e á xestión dos residuos.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/2455

Dáse conta da seguinte proposta da Area de Igualdade-CIM:

Cumprindo cos obxectivos do IV Plan de Igualdade, que especifica na súa área III a realización de accións de sensibilización e visibilización das diversidades afectivo sexuais e identitarias para contribuir á normalización do colectivo, a Xunta de Goberno Local acorda, aprobar a proxección da película : Desconocidos, o día 25 de xuño no Salón García.

Para a realización desta actividade requírense os seguintes servizos e suministros:

Proveedor	Datos fiscais	Servizo a Prestar	Orzamento
Cine Club ADEGA	G36018513. Apdo Correos 205	Proxección película Desconocidos	400,00

ORZAMENTO ESTIMADO DO CONTRATO: 400,00€ TOTAL , con cargo á partida 2312-22610

CULTURA

PRP2025/2478

Dáse conta do convenio de colaboración, para a xestión do Centro Cultural de A Laxe de Titularidade non Municipal, entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Entidade Asociación de Veciños Socio Cultural Contra Vento e Marea, para a súa posterior sinatura.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda asumir ata un importe anual máximo de 2.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 334.48201, para gastos e inversións vencellados a actividades culturais e de ocio, cursos de formación, equipamento mobiliario e labores de limpeza desenvolvidas no centro, por un período de 2 anos, previsto por anualidades nas seguintes contías:

Ano 2025: 2.000,00€

Ano 2026: 2.000,00€

PRP2025/2480

Vista a solicitude de Dona Begoña Fontán Caeiro, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 5 de xullo de 2025, durante todo o día, para a celebración de festival de danza, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo

a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Esta actividade terá un prezo un prezo de entrada único de 6,00€ sendo a recadación obtida pola venda de entradas para a solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS DE AUDITORIO	1 DÍA	264,70€	264,70€
RESPONSABLE DE SALA: 6 hs.	6 hs. x 10,20€	10,20€	61,20€
PERARIOS: (2) 6 hrsx2:12h	6 hrsx2:12h	10,20€	122,40€
	TOTAL		448,30€

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2025/2481

Vista a solicitude de Dona Begoña Mesejo Loureiro, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de actos do Auditorio, o día 7 de xullo de 2025, dende as 16.00 a 18:30 horas, con motivo da realización dunhas probas de seleccion de persoal para a Autoridade Portuaria.

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 28-12-2017) e que figura publicada na sede.vilagarcia.gal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS . AUDITORIO	1 DÍA	264,70€	264,70€
RESPONSABLE DE SALA	3HS.	10,20€ C/H	30,60€
TOTAL			295,30€

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2025/2482

Vista a solicitude de Dona Paula Sal Coira e/n Asociación Cultural Lendaria, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 12 de xullo de 2025, para a celebración dun Festival de Verán, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Este espectáculo terá un prezo único de entrada para o público asistente de 5,00€ sendo a recadación obtida para a solicitante.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último

recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado

PRP2025/2484

Vista a solicitude de Dona Marina Cristina Mariño Villadamigo e/n Asoc. West Coast Swing Galicia, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 4 de xullo de 2025, para a celebración dun Festival de fin de curso de Inquedanza Dance Studio, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado

PRP2025/2485

Vista a solicitude de D. Ricardo García Mauricio, en representación de Asociación Cultural D Buena, xunto con Animación sociocultural Nydia, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal os días 30 de xuño, 1 e 2 de xullo, durante todo o día para a representación do espectáculo de fin de curso denominado "18 anos de Recordos", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo

a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

. O prezo das entradas será de 3 € e a recadación da súa venda para os organizadores.

CONTRATACIÓN

PRP2025/2394

Dar conta da Resolución da Deputación Provincial pola que se concede unha subvención ao Concello de Vilagaracía de Arousa ao abeiro do Plan +Provincia 2025 Liña 1 Investimento "Ampliación dos Servizos de Saneamento e Abastecemento na rúa Ameal, cuxo orzamento ascende a 97.673,23€ quedando configurada como se reflicte na seguinte taboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
97.672,23€	97.672,23€	0,00€	0,00€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2428

Ao abeiro do Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025 (MR701E), o Concello de Vilagarcía de Arousa resultou beneficiario dunha subvención por importe de 51.384,00 €, equivalente a unha porcentaxe do 100% de axuda sobre o orzamento aceptado, de acordo coa seguinte distribución por anualidades.

2024: 25.033,00 €

2025: 26.351,00 €

Dáse conta de Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de data 12 de xuño de 2025, na que se resolve recoñecer que:

- Da axuda pagada en concepto de anticipo na anualidade 2024 (25.033,00 €) certifícase a execución dunha axuda por importe de 29.993,36 €.
- Para a liquidación final do expediente queda pendente de pago unha axuda de 4.960,36 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2490

A Xunta de Goberno Local do concello de Vilagarcía de Arousa, celebrada o 31 de maio de 2025, entre outros acordos, aprobou o proxecto técnico denominado «Mellora do firme na rúa Fontecarmoa e Travesías Rosalía de Castro», cun orzamento de execución por contrata de 50.595,94€.

Tramítase a instancia da Concellería de Servizos e Obras Públicas, expediente de contratación para adxudicar as obras incluídas no proxecto «Mellora do firme na rúa Fontecarmoa e Travesías Rosalía de Castro», ditándose Providencia de Incoación, con data 30 de maio de 2025.

Consta autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, de data 28 de maio de 2025, para as obras descritas no proxecto técnico de referencia.

No expediente constan, entre outros, os seguintes documentos: memoria xustificativa de necesidade, providencia de incoación, proxecto técnico (que inclúe as prescricións técnicas), informe de non división en lotes, prego de cláusulas administrativas particulares e informe xurídico. Polo exposto, e visto que o expediente de contratación foi completado, previa incorporación do informe de fiscalización pola Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobado o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, para adxudicar o contrato de obras de «Mellora do firme na rúa Fontecarmoa

e Travesías Rosalía de Castro».

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato, cun orzamento de licitación (IVE incluído) de 61.221,09€.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 61.221,09€, con cargo á aplicación orzamentaria 1530.61900.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, a través dos servizos da plataforma de contratación do sector público.

PRP2025/2491

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada con data 31 de marzo de 2025, acordou aprobar o proxecto técnico denominado “Plan de Implantación de redutores de velocidade en viais municipais. Plan 2025”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, D. Óscar Álvarez González, cun importe de licitación de 48.092,66€ (IVE engadido).

Mediante Resolución Presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 22 de maio de 2025, foi concedida subvención, por un importe de 48.092,66€, con cargo ao Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025 para financiar o investimento denominado “Plan de implantación de redutores de velocidade en viais municipais”.

Vista a necesidade, exposta por parte da veciñanza ao Concello de Vilagarcía de Arousa, de mellorar a seguridade das persoas que transitan determinadas rúas municipais, debido á excesiva velocidade que acadan nalgunhas delas os vehículos e ao perigo que isto conleva.

Coa finalidade de mellorar a seguridade peonil da cidade e dar resposta ás demandas veciñais anteriormente expostas, foi redactado polo enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, o proxecto denominado “Plan de implantación de redutores de velocidade en viais municipais. Plan 2025”, que describe as obras necesarias para levar a cabo a implantación de redutores de velocidade e pasos de peóns elevados, coa sinalización horizontal e vertical preceptiva, en diversas rúas municipais.

Concretamente, de conformidade co recollido no documento técnico, as obras de implantación de redutores inclúen:

- Construción de redutor de velocidade lombo de asno e pasos de peóns sobreelevados, realizado en MBC tipo AC16 SUF 50/70D (D-12) de 6 cm de altura, incluso rego de adherencia, previo fresado.
 - Instalación de Sinalización vertical de Perigo Badén (P-15a).
 - Instalación de Sinalización vertical advertencia perigo paso peóns (P-20).
- Instalación de Sinalización Situación paso peóns (S-13).
- Instalación de Sinalización vertical de limitación de velocidade (R-301).

O investimento afecta á rúa do Pazo en Rubiáns, rúa do Adro en Cornazo, rúa Revelle en Cornazo, rúa río Leiro en Zamar, Camiño Real de Badiña en Trabanca Badiña; rúa Bouza Xusta, 8 de marzo, do Pomar e Antuin en Trabanca Badiña; Camiño Piñeiro en Renza, rúa Lago en Rubiáns, rúa Carballos en Cea, rúa Depuradora en Trabanca Badiña, rúa Cinco en A Rosaleda.

De conformidade co proxecto, o orzamento ascende á cantidade de 39.746,00€ (sen IVE); 48.092,66€ (IVE engadido).

Solicitouse orzamento ás seguintes empresas, expertas no ámbito de actuación: Construcciones, Obras y Viales, S.A. (COVSA), Nemesio Ordóñez, S.A. e Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L., as cales presentaron as seguintes:

Licitador	Oferta	(IVE)	Oferta	(IVE)	Mellora: aumento do prazo de	Mellora: redución do prazo de
